



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

PUBLICIDADE DA FINANCIACION EUROPEA A TRAVÉS DE FEDER DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A DOTACIÓN DE CONTIDOS DE AULAS DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA E A PARTICIPACIÓN EN REDES DE INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS, NO MARCO DO PROXECTO LUGO2 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Por Resolución desta Deputación de data 15/05/2009, o anuncio e as bases que regulan a selección de entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro para a dotación de contidos de Aulas de Interpretación da Natureza e a participación en redes de intercambio de experiencias, no marco do proxecto LUGO2 da Deputación Provincial de Lugo, foron publicadas no BOP nº 120 do 28/05/2009, e por resolución de data 17/07/2009 dita subvención foi concedida á Fundación Crea e publicada dita concesión no BOP nº 224 do 29/09/2009.

Tal e como se establecía nas bases elaboradas para regular a selección de entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro para a dotación de contados de aulas de interpretación da natureza e a participación en redes de intercambio de experiencias, no marco do proxecto LUGO2 da Deputación Provincial de Lugo, mediante a firma dun Convenio, o coste da axuda será cofinanciado (nun 70%) por fondos da Unión Europea, a través do FEDER, resultando un gasto elixible aos efectos do Programa Operativo FEDER Galicia 2007, con cargo ao Eixe 5 de desenvolvemento local e urbano.

En consecuencia, resultan de aplicación as prescricións establecidas no Regulamento (CE) 1828/2006 (DOUE 15-2-2007) da Comisión, de 8 de decembro de 2006, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, quedando suxeitos os beneficiarios ás obrigacións establecidas na citada norma e concordantes, especificamente en materia de información e publicidade.

Lugo, 30 de outubro de 2009

O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral, Faustino Martínez Fernández